



APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES

PROGRAMAS DE FINANCIAMENTO DO IGAPE

O DOG do 5 de novembro publica as bases reguladoras das liñas de apoio instrumentadas por convenio polo Igape, vinte entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca galegas co fin de facilitarlles ás pemes o acceso e a adecuación do financiamento.

Estas axudas, dirixidas principalmente aos sectores manufactureiro, agroalimentario e turístico, estrutúranse en tres programas: de apoio ao circulante, de refinanciamento de pasivos e de ampliación de capital social.

Ao primeiro programa poderán acollerse aquelas pequenas e medianas empresas que formalicen unha nova póliza de crédito ou préstamo que se destine a financiar o seu activo corrente, ben porque presentan problemas de liquidez, ben porque o activo corrente ten un peso considerable na estrutura do activo habitual no sector ou ben porque necesitan financiamento para as súas campañas de produción. O importe máximo do préstamo/crédito subsidiable é de 600.000 euros e o mínimo, de 3.000 euros. O prazo máximo de amortización é de 3 anos.

O segundo programa dirixese ás pemes con forma xurídica de sociedades mercantís ou cooperativas cun préstamo a longo prazo para a cancelación ou modificación de pasivos financeiros formalizados con entidades de crédito e con vencemento a curto ou medio prazo. Considéranse para este efecto pasivos financeiros refinanciables as pólizas de préstamo ou crédito e os contratos de leasing cun vencemento máximo de 3 anos a partir da data de solicitude da axuda no Igape. O tope da contía do préstamo a subsidiar alcanza o millón de euros, sendo o mínimo de 25.000 euros. Non se establece un prazo máximo de amortización, non obstante, o subsidio calcularase para un empréstimo teórico a 7 anos.

Por último, poderán beneficiarse do terceiro programa os socios actuais ou futuros de pemes con forma de sociedades mercantís ou cooperativas xa constituídas, que soliciten financiamento alleo co obxectivo de conseguir fondos con destino exclusivo á toma de participación nunha ampliación de capital cun desembolso inicial do 100% desta, no marco dun acordo de ampliación de capital adoptado pola xunta xeneral da sociedade. Para esta liña, o importe máximo de préstamo subsidiable é de 600.000 euros por empresa que amplíe o capital e o mínimo por cada un dos solicitantes é de 3.000 euros. Tampouco se fixa para este programa un prazo de amortización, estimándose para un período de 7 anos.

Combinando as tres modalidades, os empréstimos poden alcanzar o millón e medio de euros.

Excepcionalmente, poderán terse en conta importes superiores, nas todas as liñas, se o Igape o xulga de especial interese socioeconómico.

Os préstamos subsidiados e avalados terán un custo euríbor para as empresas que recibirán unha subvención de ata 2 puntos, ademais do custo da comisión do aval das SGR e do 50% da comisión de apertura.